escola oficial
de idiomas
da **Coruña**

# TITORIAL DAS AULAS VIRTUAIS PARA ALUMNADO

As aulas virtuais da EOI da Coruña son un apoio para o ensino presencial, tanto para o alumnado como para o profesorado, e o seu uso é voluntario. Nos cursos semipresenciais, o uso da aula virtual é parte desta modalidade de ensino e é obrigatorio acceder a elas.

Se xa fuches alumno/-a desta EOI e accediches ao espazo Moodle da mesma, segues tendo o teu nome de usuario creado nese momento. Se non lembras o contrasinal, podes recuperalo desde a páxina de inicio poñendo o teu correo electrónico.

Se nunca entraches no espazo virtual Moodle da EOI da Coruña, terás que crear unha conta :




Este  tutorial axudarache a crear a tua conta e a automatricularte nun curso. A automatriculación é a vía máis común de acceder á aula virtual dun curso presencial. A clave de automatriculación proporciónaa o profesorado encargado do curso.

É **importante que cada persoa teña un só nome de usuario** para non duplicar identidades. Todos os teus cursos en vigor deberían aparecer na túa sesión. Se non están, é porque tes dous usuarios ou porque non realizaches a inscripción en todos.

Dentro da propia aula virtual poderás comunicarte co docente encargado do teu curso. Arriba á dereita, a carón da túa foto de perfil, atoparás este símbolo. Sé premes no sobre, poderás escribir directamente un correo electrónico.

